A Historia da Literatura Galega 11

O poeta rebelde

La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

• UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.

• COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria García-Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno.
Fotografía: Octo Gráfica

Agradecementos: Fundación Curros Enríquez, Arquivo do Reino de Galicia (Coleccións de postais e colección fotográfica), Colección Caixanova e Fondo do Arquivo da Emigración Galega

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1601-2010
ISBN: 978-84-96561-34-2

A Historia da Literatura Galega 11

O POETA REBELDE

La Voz de Galicia

ÍNDICE

7 1. MANUEL CURROS ENRÍQUEZ
7 1.1. Vida e obra
36 1.2. Temática
56 1.3. Estilo e significado da súa obra

Manuel Curros Enríquez naceu en Celanova a mediados do século XIX

1 MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

1.1. VIDA E OBRA

Manuel Curros Enríquez naceu en Celanova en 1851. Foi un dos dez fillos de José María Curros, escribán, oriúndo de Santiso (Melide), de ideas tradicionalistas, e de Petra Enríquez (á que sempre recorda como muller doce e xenerosa), oriúnda de Vilanova dos Infantes, aldea onde se atopa o santuario da Virxe do Cristal. Aos quince anos marchou da súa casa para Ourense e, posteriormente, para Madrid. A causa desta fuxida pode estar nos problemas que tiña co seu pai, de quen se dixo que era moi autoritario e intolerante.

Feira na praza maior de Celanova, terra natal de Curros

Un día derramou un tinteiro sobre os papeis e, vendo as intencións do pai, botou a correr para esquivar un braseiro ardendo que este lle lanzou.

En Madrid, estudou bacharelato e algo de Dereito, pero abandonou a carreira e comezou a buscar a gloria na literatura e no xornalismo, ao mesmo tempo que participa nos acontecementos da I República.

Coincidindo cos seus estudos na facultade, está a aparición do seu primeiro poema en galego, *Cántiga*, que escribe, segundo el mesmo confesa, nunha nota reproducida ao final das edicións do libro, durante unha lección de Economía Política, na tarde do 5 de xuño de 1869. O texto poético inspírase na muiñeira composta por Alonso Salgado, o seu compañeiro de habitación. Musicárona José Castro Chané e Juan Montes e popularizouse enseguida. O pobo, que atopou elementos moi identificativos, fíxoa súa en pouco tempo, tan súa que modificou determinados aspectos do contido, como foi o cambio do verso inicial: «Unha noite na eira do trigo», en lugar de «No xardín unha noite sentada».

A pesar de que Curros respectou a versión popular, nunca pactou con ela e en todas as edicións de *Aires da miña terra* o primeiro verso é o de 1869.

Cántiga é o primeiro poema de Curros. Non aparece publicado ata a primeira edición de *Aires da miña terra*. Máis tarde, criticaraa por «romanticona».

Desde 1869 a 1877, data do seu triunfo no certame poético de Ourense, a súa produción literaria alterna o galego co castelán. Desta época é a súa lenda *El Maestre de Santiago*, onde por primeira vez se refire á Virxe do Cristal. Sobre ela manifestou o propio autor a influencia de Zorrilla. Di que xurdiu da idea de escribir unha serie de poemas de lectura grata e entretida sobre a orixe das ordes militares; pero o cambio de ideas que nel provocou a revolución de 1868 levouno a abandonar o proxecto.

Nesta época, antes dos 20 anos, aínda que se discute o ano exacto (en 1867 segundo Carré, en 1870 segundo Celso Emilio) é cando se produce o exilio de Curros a Londres, feito sobre

Imaxe do santuario da Virxe do Cristal, sobre a que o autor escribiu en numerosas ocasións

o que se dan distintas causas: Adelardo (fillo de Curros), Galo Salinas (amigo íntimo do poeta) e Carré pensan que se debe a un artigo no que se atacaba ao xeneral O'Donnell (imposible, porque O'Donnell morreu en 1867). Celso Emilio fala dun



Curros vive en Celanova ata os quince anos

Pensábase que o exilio de Curros a Londres tiña que ver cun artigo no que atacaba ao xeneral O'Donnell. Na fotografía, mausoleo do militar que se atopa en Madrid

artigo contra o duque de Montpensier (pero tamén aquí hai erros cronolóxicos). Todo parece indicar que esta viaxe foi certa (o propio Curros alude á mesma; *O tío Marcos da Portela* tamén fala dela; etcétera...), pero non coñecemos o ano exacto nin o motivo político.

En 1871, grazas a unha amnistía regresa a España e logo de pasar algún tempo en Celanova, onde volve discutir co seu pai, casa, contra a vontade deste, con Modesta Vázquez, de Puebla de Sanabria, filla dun maxistrado de Madrid.

La Gaceta de Madrid: a orixe do BOE

➜ O actual *Boletín Oficial do Estado* ten o seu antecedente histórico máis antigo en *La Gaceta de Madrid*, a primeira publicación de información xeral que aparece en España a semellanza doutras publicacións europeas.

Foi fundada no 1661 co obxectivo de dar a coñecer as noticias da capital con prontitude e regularidade, e viviu multitude de cambios na súa cabeceira intentando manter a súa periodicidade.

La Gaceta de Madrid pertence ao xénero xornalístico do «gaceterismo» informativo. Durante os seus inicios chamouse *Gazeta Nueva* e dende abril de 1697 denominarase *La Gaceta de Madrid.*

A partir de entón o periódico, que xa se publicaba diariamente, foi o órgano de expresión oficioso do Goberno durante algo máis dun século ata que, en 1762, se reservou á Coroa o privilexio de imprimila e

se converteu no medio de información que reflectía, oficialmente, a opinión e decisións do Goberno de Madrid.

GACETA DE MADRID.

Curros escribiu en *La Gaceta de Madrid*

Dende entón, *La Gaceta* reflectiu a historia de España, adaptándose aos acontecementos das distintas épocas; por ese motivo, durante as repúblicas e a Guerra Civil, falouse da *Gaceta da República* ou do *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, ata que se adoptou a denominación actual, *Boletín Oficial do Estado*, de forma definitiva, a partir de 1936.

La Gaceta de Madrid ou *BOE* deixaría de publicarse a finais do 2008 na súa tradicional edición en papel, desde ese momento só aparece con formato electrónico, estando dispoñible gratuitamente na Rede.*

Do 8 de xuño de 1872 é o seu poema en castelán *Tributo de sangre*, no que hai un canto á liberdade. Esta liberdade retorna á vida política española o 11 de febreiro de 1873, data na que se alza a I República en España, proclamación á que asiste Curros desde a Tribuna Pública do Congreso dos Deputados, acto que recordou no seu momento, en diversos escritos, con bágoas nos ollos pola emoción e facendo votos esperanzadores para o futuro republicano e federal. Con todo, C. Casares demostra como a posición republicano-liberal de Curros, anos despois da desorde cantonal e consecuente fracaso da I República, ao redor de 1893, xa non era tan forte e non disimulaba duras críticas ao que foi a máis importante expresión do federalismo en España.

O poeta rebelde baseouse na lingua falada no seu pobo. Na fotografía, antiga rúa Real de Celanova

EL IMPARCIAL

DIARIO LIBERAL

FUNDADO POR D. EDUARDO GASSET Y ARTIME

UN MOTIN

En 1874
El Imparcial
premia un poema
de Curros sobre
a Guerra Civil

En 1873 comeza en Madrid a súa brillante carreira xornalística, carreira que xa non deixaría nunca. Escribe en *La Gaceta de Madrid* (1873-74), publicación que dirixía Felipe Picatoste, amigo de Curros.

En 1874 cun poema contra a Guerra Civil (a terceira guerra carlista que vai de 1871 a 1876), premiado por *El Imparcial*, fai que entre no seu xornal:

ODA A LA GUERRA CIVIL

[...]

¡Guerra civil, maldita
mil veces, insaciable matadora,
y contigo, maldito el que a tus aras
lleva el haz y la tea destructora,
el que al monstruo aplastado resucita
y ve llorar la patria y ¡ay! No llora!
[...]

Neste xornal será despois cronista de guerra no País Vasco. Será redactor tamén de *El Heraldo Gallego* (un dos órganos máis activos do rexionalismo galego), que dirixía Lamas Carvajal, e de *El Porvenir* (en 1883, órgano do Partido Republicano Progresista que dirixía M. Ruiz Zorrilla).

En 1875 funda *Galicia literaria*, primeira sociedade de intelectuais galegos na emigración. Estaba integrada por Francisco Añón, como presidente; Teodosio Vesteiro Torres, como secretario; e como membros, entre outros, estaban Curros Enríquez, Emilia Calé, Arturo Vázquez e Jesús Muruáis. Curros, en 1876, escribe varios poemas en

Inauguración do monumento dedicado a Curros Enríquez nos Cantóns da Coruña, 1934

castelán para ler nas tertulias de *Galicia literaria*, que normalmente tiñan lugar en casa de Emilia Calé: *Homenaje a la poetisa gallega Emilia Calé*, *A una amiga* e *Ante la estatua de Feijoo*. Escribe tamén, en lingua galega, *Muiñeira monorrítmica*, unha alegación contra a empresa construtora do ferrocarril, elemento do progreso que tanto lle preocupou.

Curros fundou a primeira sociedade de intelectuais galegos na emigración

En 1877 decide presentarse ao Certame Poético de Ourense, organizado polo valedor e mecenas de Curros, Modesto Fernández e González, funcionario, xornalista e avogado. Neste peculiar pluriemplego tan usual por esa época, D. Modesto era, en primeiro lugar, alto funcionario do Ministerio de Facenda e Inspector do Banco de España, e optou, segundo Curros, pola mesma carteira de Facenda. Era xornalista, destacando en artigos onde difundía o seu amor por Galicia. E, para rematar, avogado. Interesa destacar que Curros seguiu ao seu protector e, como el, foi xornalista e funcionario do Ministerio de Facenda. Tamén intentou a avogacía, pero non acabou a carreira. Aquí ofrécese un premio de 2.000 reais para quen mellor cantase en galego determinados costumes, tipos e tradicións do

Galicia Literaria, a sociedade dos intelectuais gale

➜ A asociación Galicia Literaria naceu no ano 1875 en Madrid da man do escritor Teodosio Vesteiro Torres co obxectivo de reunir a os intelectuais galegos de Madrid e animalos a escribir. Francisco Añón foi o seu primer presidente e é entón cando Curros e mais el se coñécen. Isto é un fito importante xa que Añón, como poeta comprometido, supón un anuncio claro do poeta social e cívico que será Curros Enríquez.

A esta sociedade, Galicia Literaria acoden, na casa da escritora coruñesa e curmá de Curros, Emilia Calé, ademais de Añón, personalidades como Luis Taboada, os irmáns Andrés e Xesús Muruais ou Arturo Vázquez.

Emilia Calé, a anfitriona da sociedade, é un caso excepcional de produción literaria. Participou en todos os xéneros, aínda que conseguiu maior sona como autora de poesía e gustáballe

especialmente cultivar os ambientes literarios. Unha obra súa que logrou moito éxito na época foi unha peza teatral, titulada *Los lazos rotos*, estreada na Coruña en 1883.*

Os netos de Curros rodean o seu retrato na Conmemoración do I Centenario do nacemento, 1951

A Historia da Literatura Galega 11


BIBLIOTECA DE EL TELEGRAMA.

PANIAGUA Y COMPAÑIA

AGENCIA DE SANGRE.

(MEMORIAS DE UN CORRESPONSAL PERIODÍSTICO.)

POR

M. CURROS Y ENRIQUEZ.

CORUÑA:
Establecimiento tipográfico de V. Abad.
Plaza de María Pita.

1877.

Portada da única novela firmada por Curros Enríquez

país. Curros gañou o certame con *Unha voda en Einibó*, *O gueiteiro de Penalta* e *A Virxe do cristal*.

Animado polo éxito do certame de 1877, establécese en Ourense como xornalista e cun traballo na Administración de Facenda e ata decide casar pola igrexa, pois anteriormente só o fixo polo civil (tal vez os prexuízos dunha cidade pequena e episcopal o movesen a transixir con esta formalidade).

En 1878 publica *Paniagua y compañía. Agencia de sangre*, a única novela do autor. Trátase dun manifesto contra o carlismo e o clero. É tamén o ano do falecemento de Francisco Añón, morte e circunstancias que, sen dúbida, lle afectan moito a Curros:

CONJURO

En la muerte del poeta Añón
muchos hermanos fuimos
en otro tiempo,
cuando el hogar llenábamos,
hoy ya desierto.
No conoció a su madre
ninguno de ellos:
¡nunca nuestra mejilla

sintió su beso!
débiles y enfermizos
todos nacieron,
como amarillas flores
de campo seco;
pero, cantores todos,
felices fueron,
mientras juntos cantaron,
juntos viviendo. [...]

A súa veneración é tal que Añón encarnará en *O divino sainete* o papel que Virxilio desempeña na *Divina Comedia*.

Sen dúbida, Curros era apreciado en Ourense como poeta desde o seu éxito no certame de 1877, grazas ao que consegue, no medio de oposicións e disputas, que a Deputación de Ourense lle financie en 1880 unha parte da edición de *Aires da miña terra*.

A obra orixina un dos maiores escándalos literarios en Galicia, que inicia o bispo de Ourense, Cesáreo Rodríguez, o 22 de xuño, cun oficio ao gobernador civil para que prohibise o libro por ataques e ridiculizacións á relixión católica que había nos poemas *A igrexa fría* e *Mirando ó chau*:



Aires da miña terra e unha das mais célebres obras de Curros

A IGREXA FRÍA

Por cima dos agros,
do monte no medio,
levántase aínda,
hidrópico e negro,
cal xigante hipopótamo morto,
de vermes cuberto,
rodeado de tréboas e gramas,
o lombo deforme do vello mosteiro. [...]

Curros foi condenado a dous anos, 4 meses e un día de prisión e a unha multa de 250 pesetas; finalmente foi absolto da condena civil logo de apelar á Audiencia da Coruña.

O escándalo, que inicia o bispo Cesáreo Rodríguez, converte a Curros no poeta máis famoso do seu tempo, ata o punto de que o seu libro coñeceu en seis anos tres edicións (1880,1881,1886), nas cales foi sucesivamente aumentando poemas.



O divino sainete é unha sátira implacable na que Curros exhibe e ridiculiza os pecados do clero

Sexa como sexa, Curros asome o seu papel de poeta renegado. Cesa do seu emprego na Delegación de Facenda e volve a Madrid onde traballa como xornalista, esta vez en *El Porvenir*, xornal federal-progresista, radical do grupo de Ruiz Zorrilla, onde será importante a difusión que



O divino sainete.

I

Era o Nadal: noite fría
Iba pechando entre nubes,
Que un vento forte tanguía.

Desertas prazas e ruas,
Madrí estremélase todo
D'o norte ás rafagas crúas.

N'o meu capote embrullado
Eu iba cal sempre, triste
Por longa estrada enfiado,

Pensando co'a testa ó peito
N'aqueles que n'esta noite
Non teñen lume nin leito,

Cando, n'a inmensa negrura
Da sombra que m'envolvía
Coma n'unha sepultura,

Escoiteix maiiriño e quedo
Grave rumor de parola
Que m'harripiou de medo.

1.

Manuscrito orixinal de *O divino sainete*, unha das obras máis polémicas asinadas por Curros Enríquez

fai da literatura portuguesa (Teófilo Braga, Guerra Junqueiro,...). Logo de colaborar en *El Progreso*, tamén republicano, comeza a súa etapa de xornalista (1887-93) en *El País*, outro xornal republicano. Neste período, concretamente en 1888, publícase *O divino sainete*. Consiste nunha sátira implacable, na que o poeta exhibe e ridiculiza os pecados do clero, tales como a gula, a ira, a envexa e o seu afán de riqueza. A obra recibe boas críticas na capital pero é moi mal acollida en Galicia pola clerofobia presente no texto.

En 1894, logo dalgún problema político e persoal, tales como a morte dos seus fillos e a súa separación matrimonial, emigrou a Cuba. O 8 de abril dese ano funda *La Tierra Gallega*, xornal que durou dous anos e que acollía con especial alento as ideas rexionalistas, nas que militaba Curros. A publicación dun artigo contra o Goberno español ocasionou a clausura do mesmo.

Os galegos inmigrantes andaban, naquel momento, divididos –Centro Galego Sociedade

A Celanova de Curros experimenta un notable desenvolvemento cultural e un importante dinamismo

A experiencia como emigrante de Curros

➜ No ano 1894, Curros Enríquez decide emigrar a América. Na Habana dirixe o xornal *La Tierra Gallega* ata que se suspende a súa publicación e ingresa na redacción del *Diario de las Familias* e despois na do *Diario de la Marina*. Acollido con entusiasmo á súa chegada, acabou incomodándose coa maioría dos seus paisanos.

O caso de Curros Enríquez exemplifica un fenómeno da época. A emigración caracterizou o século XIX e tivc impacto destacado na poboación galega. Os fluxos migratorios cara ás poboacións urbanas da industrialización non fomentaron que os labradores galegos poboasen as cidades de Galicia, senón que tivo como consecuencia unha partida



No ano 1894 Curros Enríguez emigra a Cuba

masiva a América. A emigración tivo tamén consecuencias negativas para o galego, aínda que é importante destacar que as comunidades de emigrantes tiveron un papel central no incipiente proceso de recuperación do galego para os seus usos públicos e cultos.

Se a industrialización foi lenta e débil en España, moito máis foino en Galicia, o que significou que o caudaloso movemento migratorio que procedía do rural no noso país non desembocase nas cidades galegas, nin sequera españolas, incapaces de ofrecer medios de vida, senón que se dirixise cara a América, sobre todo ás comunidades de fala hispana: dun xeito destacable, Cuba e o Mar da Prata.

A énfase na relación entre os procesos de modernización e nacionalización, e nos seus efectos sobre a ecoloxía da diversidade lingüística, induce ao esquecemento desafortunado doutros factores. E esta reflexión invita tamén a considerar as insuficiencias, as irregularidades e as dilacións da modernización en España e en Galicia. En todas as partes, a modernización implicou a mobilización de masas inxentes de persoas, o que en xeral levou á concentración en cidades industriais de agrupacións de campesiños previamente dispersos no hábitat rural.*

de Beneficiencia de Naturais de Galicia–, loitas nas que Curros, nun primeiro momento, avoga pola unión, aínda que a posteriori acabou discutindo con uns e con outros. Esta situación lévao a aceptar un humilde posto de corrector de probas en *Diario de la Marina*.

A enfermidade, o fracaso matrimonial, a distancia da patria, o peso da morte dos seus fillos, as loitas coa colonia galega, a falta de diñeiro...fan que o seu carácter se endureza, así, será especialmente duro no poema *A espiña*, que le no acto organizado para celebrar o vixésimo terceiro aniversario da fundación do Centro Galego en 1903. Serán moi comentados os seus versos:

Botoume (¡que patrio apego!)
Quen sentou, perfidamente,
que d'o Centro ó presidente
non precisa ser gallego.

Curros abandona o Centro Galego por causa de elixir un presidente non galego, aínda que fillo de galegos.



Introducion.

I

Sinto n'o peito us afogos
Que parece que m'o morden
Sete ducias de cans dogos.
Dis que son remordementos
D'os meus pecados á miles,
D'as miñas culpas á centos
Culpas d'home mal cristiano
Pecados d'herexe, tales
Que non lles val zuruxano.
Pra me curar bebin agoas,
Pisei herbas, recei tríos,
Biquei santos, vertin bágoas,

2.

Páxina da introdución de *O divino sainete*

No ano 1904 Curros Enríquez fai unha viaxe a Galicia. É a última visita do poeta, que, segundo algúns, buscaba un posto de traballo digno en Madrid. Na Coruña, o 21 de outubro deste ano, é coroado por segunda vez como poeta da patria. O acto celébrase baixo a presidencia de Murguía e entrégaselle ao poeta unha coroa de prata e ouro.

Un ano máis tarde, en 1905 e na Habana, participa xunto a Fontenla Leal na creación da Real Academia Galega.

Ingresa na casa de saúde do Centro Asturiano, pois negouse a volver pisar os Centros Galegos. Alí falece o día 7 de febreiro de 1908. Os seus restos foron trasladados a Galicia o 20 de marzo dese mesmo ano, por mediación da Real Academia Galega, que presidía Murguía, onde chegan o 31 de marzo. O recibimento foi multitudinario e o 3 de abril foron inhumados.

En 1967 a Real Academia Galega rende homenaxe a Curros no Día das Letras Galegas.

Curros Enríquez foi coroado como poeta civil de Galicia na Coruña

1.2. Temática

Curros Enríquez foi a gran voz civil do século XIX, consciente de que a poesía cívica era infrecuente en España e de que tiña detractores ata na esquerda, viuse na necesidade de definila, proclamala e defendela. Na súa actividade literaria hai que distinguir as seguintes facetas:

a) **A de xornalista**, da que viviu e que lle reportou merecida fama.

b) A de narrador, cunha única novela en castelán: *Paniagua y compañía. Agencia de sangre* (1878). Ademais, escribe en prosa o prólogo do libro *Aturuxos de Ramón Armada Teixeiro*, A Habana, 1897.

c) A de dramaturgo ocasional, crítico literario e tradutor, merecendo especial importancia a difusión que fixo dos modernos poetas portugueses da época.

d) E, finalmente, a de poeta, en galego e castelán, sendo na primeira das linguas na que conseguiu a verdadeira gloria e na que, doutra banda, demostrou a súa gran dimensión artística.

Casa consistorial na praza maior de Celanova, localidade que marcou a vida de Curros

A Real Academia Galega: a súa historia

➜ No ano 1895 encontramos un antecedente á constitución da Comisión Xestora para a creación da Academia Galega, que foi promovida por Emilia Pardo Bazán sobre a base dunha sociedade chamada Folclore Gallego.

Será no 1904 cando Manuel Murguía, coa publicación dun artigo na revista do Grande Hotel de Mondariz no que propugnaba a creación dunha Academia Galega, prenda a chama definitiva para acender o interese de Manuel Curros Enríquez e Xosé Fontenla Leal, que un ano despois, no 1905, impulsan a creación na Habana da Sociedade Protectora da Academia Galega.

Esta iniciativa será seguida en Galicia por algunhas figuras que se reunían na Librería Rexional de Uxío Carré Aldao, na rúa Riego de Agua (A Coruña), con Manuel Murguía como cabeza visible. Estas personalidades expoñían de xeito individual a necesidade de crear unha Academia. Será por fin o 30 de setembro de

Emilia Pardo Bazán promoveu a sociedade Folclore Gallego antecedente da Real Academia Galega

1906 cando se constitúa na Coruña a Real Academia Galega, concretamente nun acto celebrado no salón da Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesáns, case un ano despois da presentación dos seus estatutos.

Os fins da Academia eran fundamentalmente lingüísticos e incluían a elaboración dun dicionario e unha gramática, iniciativas que tiveron que esperar moitos anos para ver a luz.

Durante a presidencia de Murguía, entre os anos 1906 e 1923, elevouse a figura de Rosalía e comezouse a publicar o *Boletín da Academia Galega* que chegou a editar 263 números. Esta publicación constitúe hoxe, en pleno século XXI, unha marca de identidade para a institución. Nas súas páxinas recóllese, non soamente a intrahistoria institucional, senon moitos artigos de consulta obrigada.*

A súa obra en galego, que gozou de gran difusión dentro e fóra de Galicia, é máis ben escasa. Redúcese a dous volumes publicados en vida do autor: *Aires da miña terra* (1880) e *O divino sainete* (1888). Tamén hai noticias dun libro que Curros non publicou pero que anunciou: *Brétemas*.

Segundo testemuño de Aurelio Ribalta, en 1888, o poeta queimou os poemas do seu libro *Brétemas* nun momento de depresión.

Cría inxenuamente que a liberdade e a democracia chegarían co progreso técnico e a cultura. Esta ideoloxía transmítella ao pobo a través dunha poesía cívica, expresada nunha linguaxe sinxela. Nos seus versos hai defensas e definicións deste tipo de poesía:

No teu nome por terras e por mares
ofrecerei paz e salú ós enfermos
falareilles de patria ós desterrados,
de libertá e redención ós servos.

(INTRODUCIÓN, 1880)



Aires da miña terra converteu a Curros no gran poeta civil do século XIX

A función da poesía será, polo tanto, a de alumar o camiño aos que sofren e a de liberalos dos seus seculares inimigos que os manteñen aínda atados: escurantismo, superstición e miseria, que son consecuencia dos excesivos impostos, do abuso de poder de determinados estamentos sociais –a fidalguía e o clero– e da ignorancia xeneralizada.



Manuscrito orixinal de *O divino sainete*, cheo de anotacións do célebre escritor

Como escritor é un realista, xamais entendeu o modernismo, por intimista e esteticista de máis.

Os temas principais deste tipo de poesía son: progreso, liberdade, democracia, loita contra todos os valores representativos do Antigo Réxime, etcétera. O poeta será o dono das palabras liberadoras e comprometidas. Non é casualidade que a poesía galega de carácter realista na década dos sesenta (Celso Emilio Ferreiro e os seus seguidores) reivindiquen a Curros como mestre cando di: «Poetas, ¡crebade as liras!», é dicir, rexeitade todo lirismo ou intimismo porque o poeta, como porta-

A POESÍA CÍVICA DE CURROS

➜ Na poesía cívica, o poeta expón abertamente o seu pensamento, a súa ideoloxía. Nela encontramos un Curros cantor do progreso e da liberdade que se identifica coa cultura, a sabedoría e o benestar económico, fronte ao fanatismo, o escurantismo, a ignorancia, a opresión en xeral. De aí vén a oposición, e enfrontamento en moitos casos, con dúas institucións que Curros identifica con estes aspectos negativos: A Igrexa e a Administración de xustiza e o mundo da burocracia administrativa en xeral, como institucións que usan o poder para o proveito persoal e a alienación dos pobos.

O anticlericalismo de Curros non é tanto unha cuestión de índole persoal, ou de fe, como unha cuestión ideolóxica que o fai enfrontarse cos principios escurantistas, supersticiosos e opresores da Igrexa do século XIX, algo común nos liberais deste século, en oposición á política eclesiástica. Estes aspectos aparecen nos poemas, por poñer algún exemplo, *Na chegada a Ourense da primeira locomotora*

O anticlericalismo é unha constante na obra de Curros Enríquez. Ilustración de Castelao titulada *Na misa*. Colección Caixanova

ou *Crebar ás liras*. Tamén son o punto central de *Mirando o chau*.

Outro tipo de poesía cívica é a que poderiamos denominar agrarista. O poeta observa a situación de penuria do campesiñado provocada pola inxusta repartición da terra, o pagamento de foros e outros impostos, o abandono do medio rural e os excesivos aranceis sobre algúns produtos como o sal, imprescindible para a conservación de alimentos (*Ás cartas*).*

voz dun pobo é tamén un home comprometido nunha loita colectiva, liberadora. «La poesía es un arma» diría anos despois Gabriel Celaya.

Toda esta poesía, de fondo ideolóxico, combativa non é exclusivamente de temática galega. Esta é unha das innovacións de Curros: o feito de escoller temas universais e de utilizar o galego como o seu vehículo de expresión. Son poemas como *Diante dunha imaxe de Íñigo de Loyola*, *A igrexa fría*, *Pelegrinos a Roma*, *Mirando ó chau*, etcétera.

A temática da obra de Curros non é exclusivamente galega

A musa cívica é a musa principal do poeta que, cunha gran dose de anticlericalismo radicalizado despois do proceso a *Aires da miña terra*, entra tamén nos temas e problemas galegos. Foron moitos (como Emilia Pardo Bazán) os que no seu tempo negaron a Curros a condición de poeta precisamente polos seus versos máis cívicos. Así, na composición *O maio*, os inimigos de Galicia son os trabucos, usuras, foros, quintas, clero, ignorancia... Nunca atoparemos como protagonistas desta



denuncia nin a obreiros, xa que apenas existían na nacente industria galega, nin mariñeiros, realidade afastada a Curros, só labradores galegos.

¡Que triste está a aldea,
que triste e que sola!
¡A terra sin frutos, a feira sin xente,
sin brazos o campo,
sin nenos a escola,
sin sol o hourizonte, sin fror a semente!

(Ós MOZOS,1880)

A figura do Papa León XIII está presente na narración de *O divino sainete*



Á beira destas composicións (*O Maio*, *Nouturnio*,...) que os obrigaban a emigrar (*A emigración*), no poema titulado *Introdución* reivindica a lingua galega, o que entra en contradición coas súas ideas universalistas; na súa defensa da fala, ata afirma que, se chega a haber un idioma universal, este será o galego.

Aínda que a principal lira de Curros é a cívica, tamén atopamos, case sempre de raspallón, elementos descritivos, folclóricos, paisaxísticos e costumistas. A primeira mostra deste aspecto costumista é a triloxía: *A Virxe do Cristal*, *Unha voda en Einibó* e ou *Gueiteiro de Penalta*, composicións coas que gañou o concurso convocado en Ourense por Don Modesto Fernández e González en 1877. Naquel tempo, certo é, o tema viña imposto polas bases do concurso e parece ser que Curros tiña as súas dúbidas antes de decidirse a participar, pero os resultados foron brillantes.

O carácter máis claramente costumista e descritivo está en *A voda...* e *O Gueiteiro...* onde hai influencias claras de *Cantares gallegos* de Rosalía, libro que por aquel entón era modelo poético para os que escribían en lingua galega. Con todo, aquí asoma tamén o poeta comprometido co pobo:

Tocaba... e cando tocaba,
o vento que do roncón
polo canuto fungaba,
dixeran que se queixaba
da gallega emigración.

(O GUEITEIRO)

Da mesma forma, *A Virxe do Cristal*, composición que recrea en verso a lenda da aparición da virxe que se venera en Vilanova dos Infantes (Ourense) e na que Curros se aparta do seu anticlericalismo, presenta aos señores como absentistas e aos labradores como pobres pagadores de rendas. Curros ten a inspiración formal en Zorrilla a quen admiraba e que servira de modelo xa para a súa obra de adolescencia *El Maestre de Santiago*.

Hai impresa unha adaptación teatral deste poema, *A Virxe do Cristal*: Manuel Curros Enríquez. *A Virxe do Cristal*. Poema galego, adaptación teatral de R. Rodríguez Díaz, B. Aires, 1948.

O gran mérito de Curros foi contar ao estilo realista unha lenda milagrosa, aínda que conservando as formas externas da lenda romántica. Seguindo a Zorrilla, Curros combina descrición, narración e diálogo. O drama ten tres personaxes, Rosa e Martiño (namorados) e Xan de Ventraces (antagonista) que, ao final, mata Martiño por proferir calumnias sobre Rosa. Martiño creunas e deixara á moza, quen entra nun convento despois de que se



Monumento dedicado a Curros Enríquez na Coruña

lle aparecese a Virxe. Ningún dos personaxes, conforme á natureza do xénero, está fortemente individualizado. Son as situacións, os vivos diálogos, os monólogos, descricións, os que dan valor á obra.

Á beira da súa visión social da poesía, tamén compuxo poesía intimista como *Ben chegado*:

¡Que doce e deleitoso
é dun pai o desvelo cando á beira
do seu leito de esposo
vai oir pracenteira
do seu primeiro fillo a vos primeira!

A lira de Curros non é precisamente a lira do intimismo nin da subxectividade. Con todo, como pasa coa poesía costumista, hai no noso poeta momentos de introspección, momentos que ás veces se manifestan illados nalgunhas composicións e outras en poemas enteiros. A súa preocupación relixiosa está presente en *Tempro deserto*. Hai elexías motivadas por acontecementos familiares como *¡Ai!* ou *¡Na morte de miña nai* que é o máis longo poema de carácter persoal que escribiu Curros. Á beira destes podemos situar *A Rosalía*, escrito con motivo do falecemento da poetisa:

A Rosalía

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.

E vina tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...

Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

(1885)



O manuscrito orixinal de *O divino sainete* permite achegarnos á figura de Curros Enríquez

«A poesía intimista de Curros –di R.Carballo Calero– está constituída por breves laios que se filtraron ao traveso do muro de contención que á confidencia opuña o senso da ética social que o poeta profesaba. Ises laios abondan pra nos revelar unha alma desolada, apreixada polas tenallas do desengano e a desesperanza. A queixa é menos aguda, menos penetrante que a da autora de *Follas novas*; pero igualmente pesimista.»

A estes poemas engadiriamos outros por encargo, epigramas, madrigais, etcétera.

Se consideramos a outra proba de poesía narrativa de Curros, *O divino sainete*, todo parece cambiar.

A obra foi publicada en 1888 na Coruña. Entre *A Virxe do Cristal* e *O divino sainete* (considerada polo autor a mellor das súas obras) hai once anos e algo cambiou. A ideoloxía de Curros perfecciónase e, desde logo, xoga un papel determinante no seu poema satírico. O poema é unha sátira anticlerical de tercetos octosílabos non encadeados, parodia da *Divina Comedia* de Dante. Así como nesta obra Dante é guiado por Virxilio na súa viaxe ao mundo de ultratumba, Curros, guiado por Francisco Añón, diríxese en peregrinación a Roma nun tren de sete vagóns que simbolizan os sete pecados capitais. No primeiro e no segundo viaxan os folgazáns e os envexosos e despois veñen os vagóns da gula, a ira, a luxuria, a avaricia e a soberbia. O motivo da peregrinación é o xubileo decretado polo Papa León XIII. A obra reflíctenos un mundo alegórico cheo de inmoralidade e podremia, que, por

Imaxe do enterro de Curros Enríquez

contraste debe mover ao lector cara á moralidade. O fin moral faise explícito ao final do texto cando na comida privada co Papa, Curros faille ver a conduta anticristiá da igrexa, faille ver por encima de todo dous pecados moi graves: a riqueza –nun mundo con fame– e o poderío temporal. O Papa opta por renunciar. Se non hai ironía, por que esta solución? Cría de verdade Curros que León XIII era o home adecuado para cambiar a historia da igrexa? Dez anos antes publicara a enclítica *Quod apostoloci muneris* na que denuncia a *praga mortal* do socialismo, do comunismo e do nihilismo. Esta alegación contra as doutrinas socialistas non lle doe a Curros, toda a súa vida hostil ás ideas do socialismo.

Imaxe actual da casa familiar en Celanova e sede da Fundación Curros Enríquez

Pero ben, León XIII publica tres anos logo de *O divino sainete*, o seu *Rerum Novarum* que, sen acometer contra o capitalismo propón fórmulas un tanto socializantes e obreiras, feito que encomiará o propio Curros. A cuestión é saber se Curros intuía esta reacción do Papa, é dicir, hai ou non hai ironía na renuncia de León XIII tal como se describe en *O divino sainete*?

Trátase, pois, dunha sátira dirixida a mostrar as condicións de vida galega da época e a criticar institucións e individuos. No seu momento, a prensa e a crítica mira-

Imaxe do acto no que en marzo de 1909 se lle dedicou a Curros a rúa na que el naceu en Celanova

ran con certa prudencia o poema. Ata Curros queixouse varias veces deste silencio. Así, por exemplo, Valentín de Novoa descríbeo como «un libro diabólico», Lamas Carvajal dirá que «desde entonces –refírese ao proceso de 1880– apoderouse del a manía da impiedade [...] Dios ben sabe cánto sinto e cánto choro caladamente esta tolería».

Logo da publicación de *O divino sainete*, a súa obra en galego comprende as seguintes composicións: *A Cristobo Colombo* (1892), *Na apertura do Centro Gallego* –poema lido por Curros cando foi coroado en Madrid en 1893–, *Pola unión* (1894), *En corso* (1898), *Na tumba de Rosalía* (1904), *Ao pobo*

cruñés –lida en 1904, o día da súa segunda coroación–, *Os dióscoros* (1907) e *Alborada de Veiga* (1907). Todas estas poesías aparecen recollidas, segundo C. Calero, nas *Obras Completas* do autor.

1.3. Estilo e significado da súa obra

A lingua, os recursos estilísticos e a métrica de Curros están ao servizo da mensaxe ideolóxica da súa poesía.

El pretendía educar ao pobo e para iso baseouse na lingua falada de Celanova, o galego que el vivira e ao que se incorpora literariamente no concurso poético de 1877. Da mesma forma, Pondal escribía no seu galego de Bergantiños e Rosalía no da zona de Padrón e Compostela. Agora ben, a diferenza de Pondal, Curros é moito máis popular, o seu galego é fundamentalmente vivo, identificable coa fala popular, un galego máis rico e arraigado que o de Pondal. Este popularismo propio da súa lingua celanovesa déixase ver en características como imperativos do tipo *mirai, plurais como corazós*, o cambio de indefinidos *un e outro* por *on e autro* cando van precedidos de *a-*, –por fonética sintáctica; na terminación –án procedente de ANUM,– etcétera. Tamén se pode ver



En 1875 Curros funda Galicia Literaria, primeira sociedade de intelectuais galegos na emigración. Na imaxe, emigrantes esperando o embarque en Vigo, 1915

na súa lingua outras características propias doutras partes de Galicia como o uso esporádico de seseo implosivo, plurais en -ns, o pronome suxeito *ti*, etcétera. Estas coñecíaas a través da literatura e era lóxico que continuase o camiño dunha koiné literaria, xa iniciada por Rosalía, Pintos, Lamas Carvajal, etcétera.

Polo que se refire aos recursos estilísticos xa vimos como rexeitaba os intimismos e o esteticismo. Así chegamos a un estilo directo, escasamente marcado ou desviado. Válese de elementos populares como o paralelismo, anáfora, metáforas lexicalizadas «outono da vida». Usa sinestesias e o chamado simbolismo inverso, que consiste, por unha banda, en idealizar a realidade en exceso a través de elementos relixiosos (a locomotora é «unha Nosa Señora de ferro») e, por outro, en facer cotiáns os elementos idealizados:

Dios, non atopando
cousa en qué entreterse
...
saleu de paseo
certa mañá quente,
do reuma e da gota
por esparexerse. [...]

(MIRANDO Ó CHAU, 1880)

Outra das súas características é a utilización de comparacións con elementos do mundo rural «está seco de celos como unhas pallas».

Colocación da primeira pedra do monumento dedicado a Curros en Celanova, 1927

O tren ten un significado simbólico en *O divino sainete*, onde cada vagón é un pecado capital. Na imaxe, chegada do primeiro ferrocarril á Coruña

En resumo, sinalaremos que hai dúas fontes estéticas en Curros: a que segue a liña popular, ás veces servíndose da poesía de Rosalía –anáforas, comparacións familiares– e outra que segue a estética romántica, especialmente de Víctor Hugo –idealizacións–.

Se nos referimos á métrica, diremos que foi un conservador. Foi un versificador máis hábil que Pondal e Rosalía, pero a súa métrica é dun interese menor. Ten variedade de metros, pero menos innovación.

A súa obra ten basicamente un significado político, xa que axuda a consolidar o galego como lingua literaria e denuncia problemas e inxustizas sociais. Esta temática será continuada, no século XIX, polos seus epígonos e, no XX, por Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro.

Celanova, terra de artistas

→ A bisbarra de Celanova é unha unidade xeográfica perfectamente individualizada que se corresponde a grandes trazos coa conca do río Arnoia, na que predominan as paisaxes de formas suavemente onduladas, pero enmarcada por unha serie de relevos montañosos que acrecentan o seu interese paisaxístico. Polo sur a serra do Aguillón e a Serra de Penagache, serven de fronteira con Portugal, con altitudes que alcanzan os 1227 metros en pena Loura, ou os 1250 en montes de Froufe e que forman parte do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Dende estes rebordos a altitude descende cara ao río Arnoia, para logo volver ascender cara aos relevos máis elevados que pechan esta conca polo norte, aínda que con altitudes máis baixas que no sur: couto de Novelle (718 m) e alto do Castro (635 m). Polo Leste os



A nai de Curros era oriúnda de Vilanova dos Infantes, Celanova

montes Barracel (856 m) e os de San Cibrao de Monte Calvo (857 m) establecen o límite coas bisbarras de Allariz e A Limia.

Durante o século XIX hai un notable desenvolvemento cultural e un importante dinamismo na bisbarra, poetas como Curros Enríquez, Castor Elices... E, xa no século XX tamén estarán vinculados á vila homes de enorme valía intelectual: Celso Emilio Ferreiro, Xosé Velo, Méndez Ferrín...

Este dinamismo cultural pódese observar, tanto polo elevado número de xornais que ao longo do século XIX e principios do XX nacen nestas terras, como a ampla actividade política que existe en toda a zona.

Na actualidade, a localidade experimentou un despegue do sector servizos e mira con optimismo ao futuro, pero sen esquecer as súas tradicións e xentes que fixo da bisbarra de Celanova «un gran lugar no mundo».*

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura